

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto 825/2016 de data 28/11/2016 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE PLENO DE LUNS 28 DE NOVEMBRO DE 2016

EXPEDIENTE Nº 2016/G010/000005

“DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

De conformidade co preceptuado no art. 21.1 c) da Lei reguladora das bases do réxime local de 2 de abril de 1.985, arts. 79 e 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría Municipal o día 28/11/2016, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, de 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, de 18 de setembro, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar a todos os concelleiros e concelleiras membros do Pleno a Sesión Extraordinaria e Urxente, que se reunirá o luns día 28/11/2016 ás 19:30 h na sala de Plenos desta Casa Consistorial en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO.- Fixar para a devandita sesión a seguinte ORDE DO DÍA:

1-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

2- AUTORIZACIÓN PARA PERCIBIR ABONO A CONTA POR MATERIAIS AMOREADOS OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME”. EXPEDIENTE 2016/C003/000001

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaría Xeral e á Interventora Municipal, e adicionalmente publicar no taboleiro de anuncios do concello e no Portal de Transparencia Municipal en www.pontedeume.es.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

